

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión extraordinaria e urxente do 7 de abril de 2011**

**ASISTENTES:**  
**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. Eudosio Álvarez Álvarez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás 11,35 horas (en 2<sup>a</sup> convocatoria) do día sete de abril de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(445).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

**2(446).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES E A FUNDACIÓN ASOBAL, PARA A ORGANIZACIÓN DA “XXXVI COPA DE S.M. EL REI” E A “MINICOPA DE BALONMÁN CADETE”. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 10390/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade co informe-proposta do director deportivo do IMD, de data 23-03-2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes,

co informe do letrado asesor do 5.04.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 6.04.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o texto do convenio, entre a Concellería de Deportes e a Fundación ASOBAL, para a organización da “XXXVI Copa de S.M. el Rei” e a “Minicopa de Balonmán cadete” en Vigo, de interese do Concello de Vigo, que se vai desenvolver entre os días 6 e 10 de abril de 2011 e que se achega con este expediente, cunha aportación dende a Concellería de Deportes de 300.000,00 €, con cargo a partida “ 3410.489.00.01 ” do vixente orzamento.

Segundo: Aprobar e dispoñer do gasto de 300.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación do desenvolvemento do proxecto presentado para a celebración da XXXVI Copa de S.M. O Rei. e da Minicopa de Balonmán, que se van celebrar en Vigo entre o 6 e o 10 de abril de 2011, con cargo a partida do orzamento vixente “ 3410.489.00.01 subvencións eventos deportivos”.

Para o pago do importe da subvención se procederá a un pago anticipado de acordo coas seguintes condicións:

Terceiro: Aprobar o seguinte procedemento de pago en cumprimento do convenio de colaboración, e de acordo coas características especiais deste evento, dados os gastos previos á actividade que ten a organización:

O 50% (150.000,00€) do importe total proposto, será abonado Fundación ASOBAL, á sinatura do presente convenio, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización. O resto do importe abonarase á Fundación ASOBAL CIF: G-65520397 trala presentación da xustificación correspondente, tal como se establece na estipulación décimo segunda do presente convenio.

En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xa que a solvencia e capacidade da Fundación ASOBAL está avalada de xeito indubitativo pola súa relación con ASOBAL, entidade organizadora dende o seu orixe da Copa do Rei de Balonmán.

Cuarto: Habilitar ó Concelleiro de deportes, D. Xabier Alonso Pérez, para asinar este Convenio.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 11.40 h. Como secretaria dou fe.  
am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Isaura Abelairas Rodríguez.